



VII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “A MULLER TRABALLADORA”

Enredada entre hilos de Sonia Pita Formoso



BASES

O Concello do Grove (Pontevedra), a través da Concellería de Igualdade, convoca este concurso que se rexerá polas seguintes bases:

PRIMEIRA.

Poderá participar calquera persoa física maior de idade que presente unha obra súa, orixinal e inédita.

Cada autora ou autor poderá presentar un máximo de tres fotografías en formato impreso ou dixital.

SEGUNDA.

Con motivo do **Día Internacional da Muller**, no que se conmemora a loita da Muller pola súa participación e igualdade de xénero na sociedade e no seu desenvolvemento integro como persoa, convócase este concurso centrado no ámbito do traballo e co que se pretende que, a través das imaxes, se reflecta o traballo das mulleres en calquera eido.

TERCEIRA.

As fotografías deberán ser orixinais e non premiadas noutros concursos.

Poderán presentarse en vertical ou horizontal e admitiranse fotos en cor e en branco e negro, quedando prohibido o uso de programas de retoque fotográfico.

Aquelas fotografías nas que apareza unha persoa identificable, deben contar co consentimento da persoa retratada. O xurado pode requirir este consentimento por escrito.

CUARTA.

Enviarse cada fotografía individualmente, coa indicación “VII Concurso de fotografía A Muller Traballadora”.

Cada fotografía deberá ir acompañada da folia de inscrición anexa a estas bases cuberta e a fotocopia do DNI

As fotos poderán enviarse en formato electrónico ao enderezo de correo electrónico casadacultura@concellogrove.es ou remitirse en formato impreso ao enderezo postal:

*Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey
Monte da Vila, 11
36980 O Grove (Pontevedra)*

QUINTA.

O prazo de inscrición estará aberto desde a publicación das presentes bases na web municipal (www.concellogrove.es) ata o venres 23 de febreiro de 2018, incluído.

SEXTA.

Establécense os seguintes premios

1º premio: 300 €

2º premio: 200 €

3º premio: 100 €

SÉTIMA.

O xurado, cuxos membros serán dados a coñecer antes da concesión do premio, estará composto por integrantes do Consello Local da Igualdade e por profesionais relacionados co mundo da arte e a fotografía. Actuará como secretario/a do xurado, con voz e sen voto, un técnico/a do concello.

Os premios entregaranse no marco dos Premios Meca da Igualdade.

OITAVA.

O Concello do Grove resérvase todos os dereitos de propiedade e uso das fotografías, citando sempre o nome do/a autor/a.

A fotografía gañadora será empregada na campaña do Día Internacional da Muller Traballadora.

O Concello do Grove farase cargo da impresión das 10 fotografías con maior puntuación, que serán expostas ao público durante o mes de marzo.

NOVENA.

A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en beneficio do bo funcionamento deste concurso.

DÉCIMA. A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases e a decisión do xurado, que será inapelable.